

ILLA PERDIDA

Fernando Trueba, 2024

1362

ESTREA EN NUMAX: 23.08.2024 | V.O. | +12 | 120 min

Álex (Aida Folch) é unha española que comeza un novo traballo de verán como camareira nun restaurante dunha illa perdida en Grecia. A pesar de gañar rapidamente a confianza do brasileiro Chico (Juan Pablo Urrego), Álex namora de Max, o norteamericano que rexenta o establecemento (Matt Dillon). Mentres o seu amor florece empézanse a descubrir inquietantes pistas sobre o escuro e misterioso pasado de Max.

«Un thriller de supervivencia e amor que merece converterse nun clásico»

Rosa Álvarez, EL PAÍS



Entrevista con Fernando Trueba: «Este filme foi inspirado por dous dos meus santos preferidos: Alfred Hitchcock e Patricia Highsmith»

Por Luis Martínez

Illa perdida respira un aire clásico doutro tempo. Que o levou ata aquí: a nostalgia, o tempo, a idade, Grecia...? Quería un filme deses de cando ías ao cinema ver un filme. Non sei se me explico. É o cinema, se se quere, no sentido máis puro onde ves uns personaxes aos que lles pasan cousas, sen máis. Son un gran admirador de obras como o *Ulises* de Joyce e o gozo da súa lectura non mo quita nin deus, pero apetecíame recuperar agora unha narración no seu sentido máis clásico. Digamos que este filme foi inspirado por dous dos meus santos preferidos: o cinema de Alfred Hitchcock e a literatura de Patricia Highsmith.

Ningún cineasta, clásico ou moderno, renega de Hitchcock, pero que lle atrae tanto de Highsmith? É fanatismo. Nun plano do filme aparece un plano do libro *The Tremor of Forgery* (*El temblor de la falsificación*), que é unha historia que pensei rodar. Pero, ao final, boteime para atrás.

Por que? A culpa foi de Rafael Azcona. Teño por aí un resumo e unha análise do libro escrito por el. El non o vía, preguntábame que é o que quería contar exactamente. El era moi terreal e o libro é moi atmosférico, moi de sensacións. É certo que non se prestaba a un relato lineal. É a historia dun escritor en Tunisia ao que lle rouban e lanza a máquina de escribir sobre o razón sen saber, ao final, se o matou ou non. Non sei, imaxino que era moi novo (disto hai 20 anos ou máis) e deixábame influír con facilidade...

Que é o que tanto lle obsesiona de Highsmith? Gústame moito como, partindo dunha certa normalidade, as súas historias acaban creando un clima de ansiedade, de inseguridade, de ameaza... Os seus relatos non son relatos de xente malvada, son xente coma nós que acaban infectándose...

Highsmith non é precisamente unha autora gran crente non ser humano. Chama a atención que lle guste tanto a un cineasta humanista, nas súas propias palabras. As cousas non son brancas ou negras. Non me interesa a maldade, así sen máis. Non me interesan as historias de asasinados en serie. O interesante é investigar como un erro na vida te pode levar a unha canella sen saída. Non me parece interesante un personaxe masoquista que sinta unha atracción polo mal. O mal pode estar en calquera lado e debaixo do máis fermoso pode xurdir o terrible. Onde filmamos, por exemplo, soubemos de algo terrible...

Onde foi? En realidade é unha illa fabricada entre varias localizacións. Nunha delas, tempo atrás houbo un campo de concentración para mulleres despois da Segunda Guerra Mundial. Ningún paisano falaba diso. Era un sitio idílico onde no pasado as mulleres parían no chan, eran maltratadas, violadas, asasinadas... Esa brutal ironía é unha boa metáfora do horror detrás da beleza.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Belle Epoque,
Fernando Trueba.
Divisa [DVD]

Diarios y cuadernos,
Patricia Highsmith.
Anagrama, 2022

Psicosis,
Alfred Hitchcock.
Universal Pictures [BD]